



DONA CARLOTA GONZÁLEZ NAVARRO, SECRETARIA DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación deste Concello, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día dezanove de decembro de dous mil vinte e dous, adoptou entre outros, o seguinte **ACORDO**:

3º.- APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS 2023-2025.-

/Ditame favorable da comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa, celebrada neste día previa á presente sesión/.

PROPOSTA AO PLENO PARA A APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023-2024-2025.

Vista a necesidade de ter aprobado un Plan Estratéxico de Subvención en cumprimento do deber establecido no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), segundo o cal os órganos das Administracións Públicas deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Visto o Informe favorable da Intervención municipal núm. 121/2022, **de data 15 de decembro do 2022.**

Vista a normativa correspondente á subvención, Lei 38/2003 LXS, Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 LXS e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia. En virtude das atribucións conferidas pola lexislación vixente, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Planificación Territorial e Xestión Administrativa do Concello de Valdoviño, a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvención do Concello de Valdoviño para o período 2023, 2024 e 2025 que queda redactado da seguinte forma:

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO 2023-2024-2025 EXPEDIENTE 2022/X999/000137

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL.

De conformidade co establecido no artigo 11.4 do Regulamento dea Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de



xullo, establece unha vixencia do Plan Estratéxico de Subvencións de 3 anos, é dicir abarca a actividade subvencional nos exercicios 2023 , 2024 e 2025, inclusive. Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións. Dentro de cada unha das liñas poderán actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos de adecuación dos recursos invertidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA.

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigacións para a administración.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirira a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias acomodaránse en cada momento a devanditos obxectivos.

A aprobación do Plan Estratéxico de subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e en concordancia coas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Valdoviño para os anos 2023, 2024 e 2025.

ARTIGO 4. BENEFICIARIOS.

O Concello concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades e asociacións privadas, domiciliadas ou non no Concello, coa finalidade de fomentar a realización de actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio da mesma.



ARTIGO 5. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN: MISIÓN, VISIÓN E VALORES.

• *Misión*

Representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional de Participación Cidadá, impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada no noso Concello nos distintos ámbitos da xestión municipal de interese concorrente; definir e mellorar as canles de comunicación municipal, facilitando a máis ampla información sobre a actividade municipal e fomentando un plan de comunicación multidireccional entre cidadáns, asociación e administración; fomentar a vida asociativa garantindo a convivencia solidaria; garantir o acceso do tecido asociativa veciñal ós recursos e estruturas municipais para implicarse na xestión de equipamentos, e actividades municipais e garantir a solidariedade e equilibrio entre as distintas parroquias e barrios. Trátase de aumentar e mellorar a información e formación recibida por parte das persoas representantes das asociación, así como os recursos materiais a disposición do tecido asociativo.

• *Visión*

A actividade subvencional será transparente, orientada por criterios de eficacia e eficiencia na realización do gasto público e cun obxectivo de mellora progresiva e en permanente control de resultados por un mellor servizo o cidadá.

• *Valores*

A concesión de subvencións debe responder os seguintes principios:

Principio de publicidade: Este principio materialízase na convocatoria previa e na que se garante a publicidade da convocatoria e na publicidade das subvencións concedidas, sen prexuízo da posible concesión directa de conformidade co establecido o respecto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nas Bases de Execución do Orzamento e demais normativa de aplicación.

Principio de libre concorrència: Dito principio materialízase na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, non restrinxindo o acceso a quen se encontran en iguais condicións, de tal maneira que se garante a concorrència e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.

Principio de obxectividade: A concesión de subvencións realizarase conforme ós criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos por potenciais beneficiarios.



Principio de transparencia e igualdade e non discriminación na asignación dos recursos público: Dito principio materialízase na observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.

Principios de eficacia e eficiencia: Eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación dos recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación ós proxectos máis eficientes, debendo xustificarse cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.

Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e a regra do gasto: A concesión de subvencións axustarase o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e a regra do gasto, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Principio de control e análises de adecuación dos fins das entidades solicitantes ós principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

ARTIGO 6. LIÑAS DE SUBVENCIÓN - OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Valdoviño resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.
- Subvencións de carácter excepcional, nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; non en tanto, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais, e aquelas que, excepcionalmente, a lexislación permite, por interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Os obxectivos xerais deste Plan, común a todas as liñas de subvención, son os seguintes:

1. Dar cumprimento o mandato legal recollido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións que obriga os Concellos que previamente á concesión de subvencións, se proceda a aprobar o correspondente Plan Estratéxico.
2. Establecer e normalizar, para o conxunto das diferentes liñas de subvencións, un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.



3. Mellorar e racionalizar a xestión das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia, eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.

4. Facilitar e aumentar a participación cidadá do Concello de Valdoviño, a través da mellora e o incremento de actividades e das ferramentas precisas para o seu funcionamento.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Liña 1: Acción social.
- Liña 2: Promoción cultural.
- Liña 3: Promoción e fomento do deporte.

6.1. SUBVENCIONES EN MATERIA DE ACCION SOCIAL (LIÑA 1)

En materia de acción social o Concello de Valdoviño poderá establecer as seguintes liñas de subvencións.

6.1.1. Axudas para atencións benéficas e asistenciais. Concesión directa.

a. Obxectivos: Atender situacións de emerxencia social de familia e persoas en situación de necesidade.

b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.

c. Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento Municipal. Sendo susceptibles de incrementarse con achegas suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

d. Prazo/Plan de actuación: Convocatoria anual. O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

e. Procedemento de concesión: Concesión directa

6.1.2. Axudas nominativas mediante convenio regulador.

a. Obxectivos: Apoiar aquelas entidades que facilitan a integración social de persoas con diversidade funcional ou en risco de exclusión social, e aquelas que desenvolven iniciativas de atención social.

b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.

c. Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento Municipal.

d. Prazo/Plan de actuación: Anual, mediante convenios de colaboración para regular o outorgamento da subvención nominativa.



e. Procedemento de concesión: Concesión directa-Nominativa.

6.1.3. Outras axudas a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

- a. Obxectivos: Fomentar a participación en actividades creadoras.
- b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.
- c. Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos.
- d. Prazo/Plan de actuación: Convocatoria anual. O plan de actuación para a execución desta liña de subvencións, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.
- e. Procedemento de concesión: Concorrencia competitiva.

6.2. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE PROMOCIÓN CULTURAL (LIÑA 2)

En materia de promoción cultural o Concello poderá establecer as seguintes liñas de subvencións.

6.2.1. Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

- a. Obxectivos: Apoiar as asociacións que fomenten actividades culturais abertas ao público en xeral e a organización de eventos culturais.
- b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias recollidas no orzamento que se aprobe.
- c. Financiamento. O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento Municipal.
- d. Prazo/Plan de actuación: Anual, mediante convenios de colaboración para regular o outorgamento da subvención nominativa.
- e. Procedemento de concesión: Concesión directa-nominativa.

6.2.2. Becas a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

- a. Obxectivos: Fomentar a participación da poboación en actividades de ámbito cultural.
- b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das disponibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.
- c. Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos.
- d. Prazo/Plan de actuación: Convocatoria anual. O plan de actuación para a execución desta liña de subvencións, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.
- e. Procedemento de concesión: Concorrencia competitiva.

6.2.3. Premios a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.



- a. Obxectivos: Fomentar a participación en actividades creadoras.
 - b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.
 - c. Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos.
 - d. Prazo/Plan de actuación: Convocatoria anual. O plan de actuación para a execución desta liña de subvencións, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.
- Procedemento de concesión: Concorrenza competitiva.

6.3. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE (LIÑA 3)

En materia de promoción e fomento do deporte o Concello poderá establecer as seguintes liñas de subvencións.

6.3.1. Axudas nominativas concedidas mediante convenio regulador.

- a. Obxectivos: Apoiar os clubs que fomenten actividades deportivas abertas ao público en xeral. E a organización de eventos deportivos.
- b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no orzamento que se aprobe.
- c. Financiamento. O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento Municipal.
- d. Prazo/Plan de actuación: Anual, mediante convenios de colaboración para regular o outorgamento da subvención nominativa.
- e. Procedemento de concesión: Concesión directa-nominativa.

6.3.2. Outras axudas a través de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva.

- a. Obxectivos: Fomentar a practica deportiva e a participación en competicións dos deportistas tudenses.
- b. Custes previsibles: Os custes previstos para o exercicio 2023, 2024 e 2025 serán ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.
- c. Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo 4 do orzamento de gastos.
- d. Prazo/Plan de actuación: Convocatoria anual. O plan de actuación para a execución desta liña de subvencións, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.
- e. Procedemento de concesión: Concorrenza competitiva.

ARTIGO 7. PRAZOS DE EXECUCIÓN.

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período preferible a efectos de xustificación o ano natural.



Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período preferible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan Estratéxico require a consignación orzamentaria e a aprobación, no seu caso, das correspondentes bases da convocatoria. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con achegas suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A efectividade das liñas de axudas e subvencións incluídas no presente plan, quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual. A tramitación das subvencións levará aparellada paralelamente a tramitación do gasto.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías poderán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención, ou nas bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención, e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer toda actuación pública. No seu defecto, poderá establecerse por acordo da Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Valdoviño, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Valdoviño, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que por parte da Intervención Xeral se determinen.
- Control e seguimento do Plan, para o que, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores xestores do procedemento de concesión das Subvencións, procederase a elaborar a memoria de avaliación.

Este Plan Estratéxico debe ser revisado co obxecto de :

- Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidera haber perdido a súa vixencia, ou non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
- Actualizar os importes daquelas que se manteñan.



- Incluir novas liñas de actuación que se consideren precisas para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias, serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos Artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Web municipal, no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica; no Taboleiro de Anuncios físico, no Boletín Oficial correspondente cando sexa necesario e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e proxecto ou acción á que vai destinada.

ARTIGO 11. REVISIÓN DO PLAN.

En base os informes de control e seguimento do Plan aprobados e as propostas formuladas polos órganos instrutores/exectores, anualmente poderá levarse a cabo unha revisión do Plan, introducindo no mesmo as modificacións que se consideran adecuadas á consecución dos obxectivos definidos no mesmo. A revisión do Plan Estratéxico procederá tamén no caso de que se produzan modificacións legislativas que impongan unha modificación do seu contido.

SEGUNDO.- Ordear a súa inserción na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión (11 membros dos 13 que a compoñen), acordou aprobar a proposta que antecede. (8 votos do PsdeG-PSOE; 2 do PP e 1 de CENVAL).

E para que así conste e produza os debidos efectos, expido a presente certificación en Valdoviño, co Visto e Prace do Sr. alcalde don Alberto González Fernández, coa reserva do artigo 206 do ROF.

/Asinado e datado na marxe do documento pola secretaria municipal e polo sr. Alcalde/